

1. IDENTIFICACIÓN

TÍTULO DA TAREFA:	ECOcosmética - Cosmética verde		
ETAPA:	Educación primaria	NIVEL:	Terceiro ciclo (5º e 6º de E.P.)
ÁREAS:	Ciencias da natureza, ciencias sociais, e lingua galega.	PROFESORADO:	Carol Sestelo Bouzada

DESCRIPCIÓN:

Despois dunha investigación sobre o impacto ambiental dos cosméticos convencionais e a creación dos nosos propios cosméticos naturais na aula, levaremos a cabo unha **campaña de concienciación** sobre a necesidade do uso de cosméticos naturais no día a día. Dita campaña será exposta no III Congreso dos ODS.

XUSTIFICACIÓN:

Desafiar os estudantes a diseñar unha campaña de concienciación sobre a importancia de utilizar cosméticos respetuosos co medio ambiente. Poden crear carteis, decálogos, cómic ou outros materiais creativos para educar os compañeiros do colexio e a comunidade sobre como facer eleccións máis sostibles en canto a produtos de beleza e hixiene persoal.



CONTEXTO:

Personal, escolar, social e familiar.

2. CONCRECIÓN CURRICULAR

SESIÓNS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN / OBXECTIVO	INSTRUMENTO E PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN
<p>Sesión 1. Nos informamos e creamos</p> <p>Momento 1. Como ten que ser un bo cosmético?</p> <p>Folio xiratorio</p> <p>Momento 2. Descubre o texto e lectura compartida</p> <p>Momento 3. Produto de divulgación: cómic ou decálogo.</p>	<p>CN-CA1.2 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, e utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.</p> <p>CN-CA4.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.</p> <p>CN-CA4.2 - Expor problemas de deseño que se resolvan coa creación dun prototipo ou dunha solución dixital, avaliando as necesidades da contorna e establecendo obxectivos concretos.</p> <p>CN-CA4.3 - Diseñar posibles solucións aos problemas expostos de acordo con técnicas sinxelas de pensamento de deseño e pensamento computacional, mediante estratexias básicas de xestión de proxectos cooperativos.</p> <p>CS-CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.</p>	<p>Folla “Como ten que ser un bo cosmético?” ca dinámica folio xiratorio</p>

	<p>CS-CA2.3 - Promover estilos de vida sustentable e consecuentes co respecto, cos cuidados, caa corresponsabilidade e caa protección das persoas e do planeta, a partir da análise crítica da intervención humana na contorna.</p> <p>LGL-CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando e comprendendo o sentido global e a información relevante, e realizando inferencias directas de maneira acompañada a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura, superando a interpretación literal.</p>	
<p>Sesión 2. Produto de divulgación</p> <p>Momento 1. Bosquexo segundo a folla de orientación</p> <p>Momento 2. Traballo</p> <p>Momento 3. Elaboración do guion da presentación do produto</p>	<p>CN-CA2.2 - Adoptar hábitos de vida saudables valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso, a hixiene e a prevención de accidentes e enfermidades.</p> <p>CN-CA4.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.</p> <p>CN-CA4.2 - Expor problemas de deseño que se resolvan coa creación dun prototipo ou dunha solución dixital, avaliando as necesidades da contorna e establecendo obxectivos concretos.</p> <p>LGL-CA3.4 - Analizar, de maneira autónoma o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.</p>	<p>Observación da interacción dos equipos</p>

<p>Sesión 3. Exposición e avaliación</p> <p>Momento 1. Exposición do produto</p> <p>Momento 2. Avaliación</p> <p>Momento 3. Creación auga détox. Síntome ben, actúo mellor (círculo)</p>	<p>CN-CA4.4 - Desenvolver un produto final que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos ou solucións dixitais e utilizando de forma segura e guiada as ferramentas, os dispositivos, as técnicas e os materiais adecuados.</p> <p>CS-CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.</p> <p>CS-CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.</p> <p>LGL-CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.</p> <p>LGL-CA4.1 - Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese, realizado de maneira autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.</p> <p>LGL-CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais coherentes, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou</p>	<p>Produtos elaborados</p> <p>Rúbrica</p>
---	--	---

paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante.

CONTIDOS ESPECÍFICOS DA TAREFA

C1.6-Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación.

C1.8-Comunicación dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais...).

C4.2.8-Proxectos de deseño e pensamento computacional: Presentación dos proxectos desenvoltos, utilizando diferentes soportes e estratexias de comunicación, explicando de forma oral e escrita as estratexias seguidas.

C4.2.6-Proxectos de deseño e pensamento computacional: Construción de proxectos sinxelos, utilizando de forma guiada diferentes materiais, ferramentas, obxectos, dispositivos e recursos dixitais seguros e adecuados para a consecución do proxecto.

C1.2-Técnicas para unha adecuada exposición oral dos resultados dunha investigación, con claridade e orde. Presentación de resultados en formatos diversos.

C2.2-O clima e o planeta. Introducción á dinámica atmosférica e ás grandes áreas climáticas do mundo. Os principais ecosistemas e as súas paisaxes.

C2.7-Estilos de vida sustentable: a pegada ecolóxica.

C6.3-Estratexias para a construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico a través de observación, transformación de enunciados (substitución, inserción, supresión, cambio de orde, manipulación), formulación e comprobación de hipóteses e contrastes co castelán e con outras linguas.

C4.1-Estratexias para a procura de información en fontes documentais e dixitais no contorno familiar e social.

C4.2-Estratexias de comparación, clasificación e valoración crítica da información.

C4.3-Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.

C3.3.2-Procesos: comprensión lectora: Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión e produción de textos escritos en lingua galega.

C2.3.1-Procesos: interacción oral: Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos e a realización de inferencias para superar o seu sentido literal.

3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (1)

ACTIVIDADES / EJERCICIOS

Sesión 1. Nos informamos e creamos

Momento 1. Como ten que ser un bo cosmético? Folio xiratorio

Momento 2. Descubre o título (xogo con xerográficos) e lectura compartida (rutina de pensamento: a ponte).

Momento 3. Produto de divulgación: cómic ou decálogo. Presentación da base de orientación

Sesión 2. Produto de divulgación

Momento 1. Bosquexo segundo a base de orientación

Momento 2. Elaboración do traballo

Momento 3. Elaboración do guion da presentación do produto

Sesión 3. Exposición e avaliación

Momento 1. Exposición do produto por equipos

Momento 2. Avaliación (entre compañeiros con propostas de mellora, mestra).

Momento 3. Síntome ben, actúo mellor. Creación de varias receitas de auga détox, probámolas e círculo: que me fai sentir ben?

4. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (2)

ACTIVIDADES/EXERCICIOS	ESCENARIO	AGRUPAMENTO	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
Sesión 1. Introdución: caderno de equipo.	Aula de 6º	Equipos cooperativos	Caderno de equipo	15 minutos
Momento 1: Como ten que ser un bo cosmético? Folio xiratorio	Aula de 6º	Equipos cooperativos	Folio xiratorio	30 minutos
Momento 2: Descubre o texto e lectura compartida	Aula de 6º	Equipos cooperativos	Follas de lectura compartida	80 minutos
Momento 3: Produto de divulgación: cómic ou decálogo.	Aula de 6º	Equipos cooperativos	Presentación do produto / base de orientación	15 minutos
Sesión 2. Momento 1. Bosquexo segundo a base de orientación	Aula de 6º	Equipos cooperativos	Base de orientación	30 minutos

Momento 2. Traballo	Aula de 6º	Equipos cooperativos	Cartolinas, portátil Edixgal, cores, folios A3...	80 minutos
Momento 3. Elaboración do guion da presentación do produto	Aula de 6º	Equipos cooperativos	Portátil Edixgal, folla...	30 minutos
Sesión 3. Momento 1: exposición do produto	Aula de 6º	Gran grupo / equipos cooperativos	Produto creado	60 minutos
Momento 2: avaliación (entre compañeiros con propostas de mellora, mestra).	Aula de 6º	Gran grupo / equipos cooperativos	Rúbrica para avaliar	30 minutos
Momento 3: creación auga détox. Síntome ben, actúo ben.	Aula de 6º	Gran grupo / equipos cooperativos	Auga détox	60 minutos

5. AVALIACIÓN

ASPECTOS A AVALIAR	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
ENSINANZA-APRENDIZAXE (ALUMNADO)	Lista de cotexo Rúbricas	Observación sistemática Análise de documentos - Caderno de equipo - Produtos finais (cómico e decálogo)
PRÁCTICA DOCENTE	Lista de cotexo	Reflexión do traballo realizado
DESEÑO DA TAREFA	Lista de cotexo	Reflexión do traballo realizado

LISTA DE COTEXO: SEGUNDA SESIÓN

	Si	Non
CN-CA2.2 - Adoptar hábitos de vida saudables valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable , o exercicio físico, o contacto coa natureza , o descanso, a hixiene e a prevención de accidentes e enfermidades.		

<p>CN-CA4.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.</p>		
<p>CN-CA4.2 - Expor problemas de deseño que se resolvan coa creación dun prototipo ou dunha solución dixital, avaliando as necesidades da contorna e establecendo obxectivos concretos.</p>		
<p>LGL-CA3.4 - Analizar, de maneira autónoma o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.</p>		

RÚBRICA: TERCEIRA SESIÓN

Criterio de avaliación	4	3	2	1
-------------------------------	----------	----------	----------	----------

Contido	Aparece todo o contido claro.	Aparece todo o contido claro, con un ou dous erros.	Aparece o contido claro, aínda que incompleto.	Non aparece todo o contido e ten moitos erros.
Corrección ortográfica	Non hai erros ortográficos	Hai tres erros ou menos.	Hai entre catro e cinco erros.	Hai máis de cinco erros.
Oralidade/presentación	Enténdese todo o que se di. Ton, volume e velocidade adecuada.	Realizo algunha parada, ás veces acelero.	Hai momentos nos que non se entende o que digo.	Pérdome durante a presentación e non teño clara a estrutura.
Limpeza e organización	O traballo está limpo e organizado. Os textos van acompañados de imaxes.	O traballo está limpo e organizado.	Ás veces falta texto ou imaxe.	O traballo non está claro e presenta tachóns.
Uso dos materiais	Recollo o material e o emprego con responsabilidade.	Recollo o material e o uso con responsabilidade, case sempre.	Non recollo o material pero fago bo uso del.	Non recollo o material e fago mal uso del.
Traballo en equipo	Traballamos todos por igual. Divertímonos e axudámonos.	Algún traballou máis que outro pero participamos todos. Tamén nos axudamos.	Houbo quen non traballou pero despois de falar con el, axudou o equipo.	Houbo quen non traballou ou axudou.

Creatividade	Introducín na presentación algo totalmente novo para min. A presentación é diferente ás demais.	Deixeime aconsellar ou axudar por alguén para facer algo diferente. A presentación toma ideas das demais pero ten aspectos diferentes.	A presentación ten a mesma estrutura que as demais.	Non introducín nada novo.
--------------	---	--	---	---------------------------

LISTA DE COTEXO: PRÁCTICA DOCENTE

	Si	Non
Bo clima de traballo e confianza no aula.		
Adaptación das actividades a todo o alumnado, incidindo no alumnado NEAE.		
Utilización de estruturas cooperativas e rutinas de pensamento.		
Resolución de conflitos que poidan xurdir.		
Transmite o contido de maneira clara e precisa e ten dominio do mesmo.		
Xestiona eficazmente o tempo.		
Emprega materiais e soportes variados.		
Fomenta a participación do alumnado.		
Proporciona retroalimentación constructiva e útil.		

LISTA DE COTEXO: DESEÑO DA TAREFA

	Si	Non
Realista e viable.		
Adaptada as necesidades e características do alumnado.		
Motivadora		
Obxectivos propostos adecuados.		
Logo dos obxectivos propostos.		
Temporalización axeitada.		
Instrumentos e procedementos de avaliación axeitados.		
Traballáronse os criterios establecidos.		
Elaborouse un produto final.		
Fixéronse melloras durante a súa realización.		
Deseñada en base a súa realidade próxima.		
Da resposta a un problema social.		